

Ermida de San Antón

020018

Datos de Localización

Capela

Nomenclator: 3201201
Coord. UTM: X: 601376
 Y: 4649012
Concello: Os Blancos
Parroquia: AGUÍS
Lugar: Loureses
Tipoloxía: Arquitectura Religiosa
Tipo: Capelas
Subtipo: Capela



Denominación: Ermida de San Antón
Etapa Histórica: Idade Moderna
Estilo relevante: Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Ubícase no lugar denominado O Santo, preto do cruceiro, o peto e a Cruz de San Antón. Realizada en perpiaño, consta dunha soa nave con cuberta de tella do país a catro augas.

A fachada defínese cun pórtico de seis columnas con basa e capitel con equino e ábaco. Na cara interior do pórtico hai un banco corrido e o espazo restante, sen ningún tipo de separación, destínase para uso relixioso. No lateral esquerdo, no paramento parece que existiu outro acceso hoxe macizado. Xusto enriba encóntrase a espadana de arco de medio punto con remate triangular agudo cunha cruz, que descansa sobre un pedestal rectangular de enorme desenrolo. Na cornixa do lateral esquerdo apréciase unha ruptura constructiva. Toda é igual agás na zona da espadana, que presenta peor acabado e sobresa da súa liña con respecto aos outros dous tramos. Todo isto leva a pensar que tanto a espadana como o paramento que ten xusto debaixo son posteriores, á propia ermida. Ten unha inscrición ilexible no muro e outra na cornixa.

Cítase no 4.2.13.Libro de Fábrica, no fol.7v. 1679. Visita. "Ay tres hermitas una de san juan y otra de San Antonio y otra de San Salvador".

DOCUMENTACIÓN:

- Inventario artístico. Ministerio de Cultura.
- A.H.D.OU.
AGUÍS, San Martiño.
Libro de Fábrica 4.2.13 (1682-1769).

Características Construtivas

Plantas: Baixa
Edif. Anexas:
Mat. Fachada: Granito
Mat. Estructura: Granito e madeira

Mat. Estrutura: Granito e madeira

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos: Inscrición ilexible no lateral.
Inscrición na cornixa do lado esquerdo: "Pedro de A----"

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 100 m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Relixioso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo: Morfolóxicas

Data:

Descrición: Espadana e macizado da entrada que existiría debaixo dela.

Proxecto:

Axentes:

Observacións: Enreixado de cor granate no pórtico. Encintado de cemento gris no exterior. No interior os muros están recebados con cemento e pintados de branco na zona da capela. Nun lateral, contador da luz. Na entrada, enlousado de granito irregular.

Rosa Moles











